



## **Pilar Rojo participa a próxima semana en Pamplona na reunión anual da Conferencia de Presidentes de Parlamentos Autonómicos**

- **Abordarán asuntos como a aplicación do principio de subsidiariedade e a implantación dunha rede de intercambio de información**

**Santiago, 5 de marzo de 2011.-** A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, participará a próxima semana na Asemblea Xeral Anual da Conferencia de Presidentes de Parlamentos Autonómicos (COPREPA) que este ano se celebra en Pamplona (Navarra), comunidade que desempeñou a Presidencia desta organización nos últimos doce meses.

Na orde do día reunión, que terá lugar o luns e o martes da próxima semana (7 e 8 de marzo) figuran, entre outros, asuntos como a aplicación do principio de subsidiariedade desde os parlamentos autonómicos e a sinatura dun acordo para a implantación dun sistema integral para o intercambio de información entre as diferentes cámaras lexislativas.

Na derradeira xornada desta reunión, o martes 8 de marzo, os presidentes dos Parlamentos autonómicos debatirán e farán pública unha declaración institucional, ademais de elixir a nova Presidencia de Coprepa.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia